




Introducción á Diálise Peritoneal





Introdución

- 1 Que é a insuficiencia renal?
- 2 Que é a diálise?
- 3 Que tipos de diálise hai?



Diálise peritoneal

- 4 Que se necesita para realizar diálise peritoneal?
- 5 Que vantaxes ten este tipo de diálise?
- 6 Como é o proceso de colocación do catéter peritoneal?
- 7 Que coidados necesita o catéter peritoneal?
- 8 Onde se realiza a diálise?
- 9 Como é a técnica do dializado peritoneal?
- 10 Que tipos de diálise peritoneal existen?
- 11 Que revisións e controis necesitarei durante o tratamento?
- 12 Como será a súa vida en diálise peritoneal?

Introdución

1 Que é a insuficiencia renal?

O principal traballo dos riles, é **FILTRAR** o sangue e **eliminar** os refugallos e o exceso de auga do corpo. Coa insuficiencia renal pérdese esta función lentamente co tempo. A enfermidade renal crónica en estadios avanzados pode provocar a acumulación de niveis perigosos de líquido, electrólitos e refugallos do organismo.

2 Que é a diálise?

A Diálise é o tratamento que substitúe a función do ril, eliminando as substancias daniñas do sangue e o exceso de auga do corpo.

3 Qué tipos de diálise hai?

- **Hemodiálise:** Neste sistema, extráese sangue do corpo, pásase por un filtro (que realiza parcialmente a función do ril) e devólvese ao corpo. Para este tipo de diálise, é necesario crear un acceso (fístula ou catéter) para poder extraer o sangue. Cada sesión deste tratamento dura entre 3-4 horas e realízase 3 veces á semana.
- **Diálise peritoneal:** Utiliza como filtro a membrana natural do peritoneo, que todos temos no abdome. O líquido de diálise, introdúcese na cavidade peritoneal a través dun catéter e permanece unhas horas dentro, absorbendo os refugallos e o exceso de auga do corpo, que se eliminan despois ao baleirar ese líquido.

Diálise Peritoneal


4 Que se necesita para realizar diálise peritoneal?

Necesítase sobre todo GANAS, LIMPEZA e HIXIENE, ademais de:

¿Qué elementos intervienen?

El peritoneo, como filtro.

+




Un catéter

+

Líquido de diálisis para ayudar a eliminar los productos de desecho y el exceso de líquido.

=

Diálisis peritoneal



Fuente: <https://www.cigna.com/es-us/knowledge-center/hw/dilisis-peritoneal-zm2609>

5 Que vantaxes ten este tipo de diálise?

- Vostede mesmo ocúpase do seu propio tratamento sen saír de casa.
- O programa de tratamento é flexible e pode axustarse en función das súas necesidades.
- Non é necesario agullas nin picadas para realizalo.
- A dieta e a inxesta de líquidos é menos restritiva que no tratamento de hemodiálise.
- Mantén a diuresis durante un período máis longo de tempo.
- Non realiza visitas cada 2 días ao hospital.
- Maior facilidade e comodidade para realizar viaxes ou vacacións



Como é o proceso de colocación do catéter peritoneal?

Trátase dunha operación sinxela, para a que terá que realizar un estudo preoperatorio habitual (visita a anestesista, analítica, ECG). O catéter colócase baixo anestesia xeral ou sedación.

Habitualmente vanse de alta ao día seguinte (todo depende da evolución).

Semanalmente, acudirá á consulta de diálise peritoneal para realizar un seguimento do funcionamento do catéter, aspecto do orificio de saída e ferida cirúrxica.



Que coidados necesita o catéter peritoneal?

Nas primeiras horas, repouso relativo, evitar esforzos, non duchar ata aviso.

Non debe facer esforzos bruscos os primeiros días.

Unha vez que o equipo de enfermería lle indique, comezará a realizar o coidado diario do orificio de saída, que inclúe:

- Revisalo todos os días.
- Mantelo limpo e seco.
- Lavallo con auga, xabón e soro fisiolóxico a diario.
- Secar con gasas secas e cubriilo cun apósito.
- Non utilizar povidona iodada (betadine®) ou similar salvo orde médica.
- Manter o catéter e prolongador fixos á pel, para evitar tiróns e lesións.
- Vixiar hábito intestinal (pedir laxante se é necesario).



Onde se realiza a diálise peritoneal?

A diálise realizaraa no seu domicilio, nunha zona adecuada e limpa, que se elixirá entre vostede e o equipo de enfermería, que acudirá á súa casa para aconsellarlle e axudarlle coas súas dúbidas e inquietudes. En condicións ideais, realizaríase nun baño de uso individual ou nunha estancia o máis próxima posible a un baño (para evitar riscos tras o lavado de mans).


Tamén necesita un espazo amplo en casa para almacenar as caixas coas bolsas e as liñas con condicións básicas de conservación (non humidade, non luz solar directa..).



9 Como é a técnica do dializado peritoneal?

Para efectuar un **INTERCAMBIO** (cada unha das veces que drena e infunde líquido) conéctanse as bolsas de dializado ao catéter. Primeiro drena o líquido que hai no abdome, que pasa a unha bolsa de drenaxe baleira. A continuación, a solución nova pasa desde a bolsa á súa cavidade peritoneal.

A drenaxe do líquido utilizado require entre 10 e 20 minutos e para a infusión da nova solución necesítanse entre 5 e 10 minutos. Tras finalizar o intercambio desbota as bolsas e os tubos.



O diagrama ilustra o proceso de intercambio peritoneal en catro etapas:

- Drenaje:** Un paciente sentado conecta un sistema de tubos e bolsas para drenar a solución utilizada. O líquido flúe dunha bolsa para outra.
- Infusión:** O paciente infunde a solución nova na súa cavidade peritoneal a través do catéter.
- Desechar el sistema de intercambio:** O paciente desecha a solución utilizada e o sistema de intercambio nunha cubo de lixo.
- Permanencia:** O paciente permanece durante un período de 4-8 horas coa solución dentro da súa cavidade peritoneal.

Solución usada
1. Se conecta a un sistema de tubos e bolsas y drena la solución usada (10-20 minutos).

Solución nueva
2. Se llena con la solución nueva (5-10 minutos).

Desechar el sistema de intercambio
3. Desecha la solución usada y el sistema de intercambio.

Diálisis
4. Todo lo que usted lleva es un tubo corto. La solución permanece dentro su cavidad peritoneal durante 4-8 horas.

10

Que tipos de diálise peritoneal existen?

DPCA: o cambio de solución de diálise da cavidade peritoneal faise de forma manual. Nestes intercambios a forza de gravidade drena o líquido e pola mesma gravidade infúndese unha nova solución. Por norma xeral realízanse 3-4 intercambios ao día.

DPA: (Diálise Peritoneal Automatizada), utilízase unha máquina para facer os intercambios. Esta modalidade realízase mentres vostede dorme. A máquina controla os tempos e realiza varios intercambios ao longo de toda a noite. Á mañá seguinte desconéctase da máquina.



11 Que revisións e controis necesitarei durante o tratamento?

Acudirá a citas periódicas tanto coa nefróloga/o e enfermería, para consultas, analíticas, ensinos, readestramentos...

No seu domicilio, deberá pesarse, medir a TA e observar síntomas ou signos de alarma (edemas en pernas e nocellos, aspecto do orificio do catéter, aspecto do líquido drenado, cantidade de ouriños) de forma diaria para anticiparnos a calquera imprevisto que poida xurdir.

12 Como será a súa vida en diálise peritoneal?

- Teña claro que a diálise adáptase a súa vida, e non a súa vida á diálise.
- Pode facer exercicio moderado: pasear, ciclismo, pádel....
- Pode e debe ducharse. Non esqueza secar ben o orificio e seguir as recomendacións que lle indiquen.
- Non se pode bañar nin nadar en piscina. Podería facelo no mar baixo prescrición médica.
- Se pode, debe traballar.
- A presenza do catéter non ten que influír nin alterar a súa vida sexual.
- Deberá realizar unha dieta estrita, pero menos esixente que con outro tipo de diálise
- Pode ir de vacacións; só ten que avisar á casa comercial para que lle envíe o material.



**Elaboración: Servizo de Nefroloxía_Unidade de Diálise Peritoneal
Dialisis.Peritoneal.Vigo@sergas.es**

Codificación: NEF - InfoFamilias/01_ed00_gal

Data: Novembro 2022

As imaxes deste documento foron facilitadas pola Unidade de Diálise Peritoneal e da aplicación Canva